



# Nogade

TENIS DE MESA

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

## 1. INSCRICIÓNS

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en Idade Escolar formalizarase a través páxina web: [xogade.xunta.gal](http://xogade.xunta.gal). Pódese acceder tamén a través da web da Secretaría Xeral para o Deporte [deporte.xunta.gal](http://deporte.xunta.gal).

A data de peche de inscrición é o 15 de novembro de 2016.

## 2. CATEGORÍAS

**BENXAMÍN:** nados nos anos 2008-2007.

**ALEVÍN:** nados nos anos 2006-2005.

**INFANTIL:** nados nos anos 2004-2003.

**CADETE:** nados nos anos 2002-2001.

A competición na categoría cadete será organizada pola Federación Galega de Tenis de Mesa e as súas delegacións provinciais.

## 3. PARTICIPANTES

Poderán participar neste programa XOGADE, todos os clubs, asociacións, centros de ensino e ANPAS, nas categorías benxamín, alevín, infantil e cadete masculino, feminino ou mixto.

Inicialmente hai que inscribir un mínimo de 2 e un máximo de 5 xogadores/as por equipo. Todos os equipos que non teñan como mínimo os/as dous/dúas xogadores/as inscritos, serán dados de baixa.

Poderán participar xogadores/as da categoría inmediatamente inferior pero unha vez que disputen 5 encontros na categoría superior deberán permanecer nesta categoría ata o final da competición. Os equipos mixtos participarán na competición masculina.

Ao longo da tempada pódense incorporar xogadores/as aos equipos ata completar o máximo de 5.

## 4. SISTEMA DE COMPETICIÓN

O sistema de competición será por equipos.

Nas categorías benxamín e alevín, a competición será única e os equipos serán femininos, masculinos ou mixtos.

As categorías infantil e cadete serán masculinas e femininas.

## 5. REGRAS DE XOGO

A competición será por equipos, polo sistema Corbillón ou Copa Davis, para todas as categorías (entre 2 e 4 xogadores/as). Disputaranse 5 partidos en cada encontro (4 individuais e 1 dobre) ao mellor de 5 xogos, a 11 tantos ou diferenza de 2.

EQUIPO A	EQUIPO X
XOGADOR /A	XOGADOR/X
XOGADOR/B	XOGADOR/Y
DOBRES	DOBRES
XOGADOR /A	XOGADOR /Y
XOGADOR /B	XOGADOR /X

A competición será polo sistema de liga e desenvolverase por concentración de medio día, nos distintos puntos xeográficos onde haxa equipos inscritos. Cada equipo xogará un máximo de tres encontros. Quedará a criterio do xuíz-árbitro da competición a posibilidade de disputar todos os partidos de cada encontro no caso de que se produza un resultado de 3-0.

Os/as xogadores/as de cada equipo deberán acudir a xogar provistos de camiseta, pantalón curto e calzado deportivo. As camisetas dos/das xogadores/as do mesmo equipo deben ser da mesma cor. Esta norma será aplicable en toda a competición. Queda a criterio do xuíz-árbitro a decisión de permitir a participación no caso de incumprila.

A non comparecencia inxustificada de equipos implicará a perda dos encontros previstos para esa xornada. Os aprazamentos xustificados disputaranse antes da última concentración.

## 6. FASES

Serán organizadas conxuntamente polos Servizos de Deporte de cada provincia e a Federación Galega de Tenis de Mesa.

### Comarcal

Formaranse grupos por proximidade xeográfica, en función das inscricións. Competirán en concentración cun máximo de 2 xornadas por zona. Se só houberse unha zona ou bisbarra con participación, a competición pasará a ser intercomarcal.

A competición dará comezo no mes de novembro e finalizará no mes de abril.

### Campionato intercomarcal

Participarán nesta fase os primeiros clasificados de cada categoría ata completar un total de 8 equipos por categoría e sexo. Terá lugar no mes de abril. A clasificación será proporcional ao número de inscritos en cada zona ou bisbarra.

### Campionato provincial

Clasificaranse 8 equipos por categoría e sexo da fase intercomarcal ou zonal. Terá lugar no mes de maio. A clasificación será proporcional ao número de inscritos en cada fase intercomarcal.

## COMPETICIÓN INDIVIDUAL

Será organizada pola Federación Galega de Tenis de Mesa. Unha vez finalizada a competición por equipos nas distintas zonas e xa clasificados os equipos para o campionato provincial, abrirase un período de inscrición en cada zona, para organizar unha **COMPETICIÓN INDIVIDUAL** que se disputará soamente no ámbito zonal. Esta competición realizarase tamén por concentracións de medio día, primeiro en grupos e logo unha concentración final, na que se xogarán os cadros de postos.

## 7. LICENZAS

Será obrigatoria a presentación do formulario de inscrición, que se sacará da aplicación informática da páxina web "xogade.xunta.gal", acompañado da ficha Xogade de cada xogador e adestradores con foto (que poderán imprimirse dende o apartado de informes), ou ben co DNI (orixinal ou fotocopia cotexada), ou coa licenza tramitada pola Federación Galega.

As entidades que teñan a opción de participar nos campionatos nacionais deben posuír obrigatoriedade a licenza da Federación Galega.

## 8. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Tenis de Mesa: [www.fgtm.es](http://www.fgtm.es)

Tamén rexe a regulación xeral que se pode consultar na páxina web de Xogade: [xogade.xunta.gal](http://xogade.xunta.gal).